

MULTILINGÜISMO: FACTORES GRAMATAIS, COGNITIVOS E DISCURSIVOS

CONFERENCIA DE M. CARME PARAFITA COUTO

Universidade de Vigo / Universiteit Leiden

A historia da Torre de Babel reflicte a fascinación humana polas orixes da diversidade lingüística. Estímase que no mundo se falan unhas 7.000 linguas, e aínda así somos capaces de comunicarnos. Isto non sería posible se a mente humana non fora o suficientemente flexible como para aprender e xestionar varias linguas ao mesmo tempo. Lonxe de ser unha excepción, o multilingüismo é a norma na maioría do mundo. Pero como manexa o cerebro dunha persoa bilingüe ou multilingüe varias linguas? Non se confunde e mestura as linguas? É común que nas comunidades multilingües os falantes usen elementos de varias linguas nunha soa oración (Parafita Couto et al. 2023). Isto chámase cambio ou alternancia de código. A estes fenómenos dámoslles etiquetas que poden resultar algo despectivas como Spanglish (mestura de español e inglés), euskañol (éuscaro e español) ou castrapo (galego e español). Adoitamos pensar que mesturar é sinónimo de confusión e de non falar ben. Porén, o estudo lingüístico da alternancia de código mostra que os multilingües non mesturan linguas ao chou. De feito, estas alternancias réxense por regras gramatais. Ademais, as investigacións amosan que hai que ser altamente competente en todas as linguas para poder mesturalas dentro dunha mesma oración (Parafita Couto et al. 2021).

O que isto indica é que este tipo de comportamento é de feito todo o contrario da confusión lingüística. Entón, a maldición que dispersou e castigou a humanidade na historia de Babel non podería funcionar na vida real, dado que a diversidade lingüística non é unha barreira: o noso cerebro é ben capaz de albergar máis dunha lingua. Nesta sesión exploraremos as formas en que a nosa mente usa múltiples linguas ou códigos e como, ao facelo, podemos abrir as portas a formas únicas de creatividade, saúde cerebral e control cognitivo. En definitiva, o multilingüismo, tanto no que se refire ao uso das linguas coma ás súas posibles consecuencias cognitivas, é un exemplo marabilloso da gran flexibilidade e adaptabilidade do cerebro humano.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Parafita Couto, M. Carme., K. Bellamy & F. Ameka. 2023. Theoretical approaches to multilingual switching. En Jennifer Cabrelli, Adel Chaouch-Orozco, Jorge González Alonso, Sergio M. Pereira Soares, Eloi Puig-Mayenco and Jason Rothman (eds.), *Cambridge Handbook of Third Language Acquisition and Processing*. Cambridge: Cambridge University Press.
- Parafita Couto, M. Carme, Miriam Greidanus Romanelli & Kate Bellamy. 2021. Code-switching at the interface between language, culture, and cognition. *Lapurdum- Basque Studies Review*. <https://halshs.archives-ouvertes.fr/halshs-03280922/document>